



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
MESTRE RODRÍGUEZ
XIXIREI

CEIP PLURILINGÜE MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI
A Esquiá, 22 15820 Lavacolla - Santiago
981886470
ceip.mestre.rodriguez.xixirei@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrerodriguezaxirei/



PLAN ANUAL DE LECTURA

CURSO 2023/2024

ENTRE BAMBOLINAS



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Ceip Plurilingüe
M.R.Xixirei



COORDINADORA

OLALLA FONTELA LÓPEZ



PLAMBE

ÍNDICE

1. OBXECTIVOS.....	2
2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.	2
3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.....	3
4. RUTINAS DE LECTURA.....	5
5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.....	9
6. ITINERARIOS LECTORES.....	10
7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS.....	10
8. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.....	11
9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	12

1. OBXECTIVOS DO PLAN

Tal e como se recolle no *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a finalidade deste plan é promover a lectura, a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.*

Por iso, os obxectivos para este curso son os seguintes:

- Desenvolver no alumnado as competencias, habilidades e estratexias que lles permitan converterse en lectores e lectoras capaces de comprender, interpretar e manexar distintos soportes e textos.
- Mellorar o desenvolvemento do hábito lector e da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- Fomentar o descubrimento da lectura como un elemento de gozo persoal.
- Favorecer que o desenvolvemento da competencia lectora seconverta nun elemento prioritario para as familias e a comunidade educativa.
- Guiar no proceso de procura de información para a elaboración de proxectos de traballo.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes tipos de texto cunha funcionalidade real.
- Favorecer a globalización da actividade do centro a través do PDI (Proxecto Documental Integrado) deste ano.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Espazos:

- En cada **aula** haberá un espazo dedicado á lectura, un recuncho ao que o alumnado poida retirarse a gozar dos libros tanto individualmente como de forma colectiva. O profesorado titor poderá retirar da biblioteca os fondos que necesite para o Proxecto

CEIP PLURILINGÜE MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI

Lector e para o desenvolvemento dos distintos proxectos de aula. A biblioteca de aula tamén poderá nutrirse dos recursos que libremente aporte o alumnado coa intención de compartilos co grupo de iguais.

- A **biblioteca de centro** será o centro de referencia de recursos da lectura e da aprendizaxe; conta con diferentes seccións:
 - Ficción (primeiros lectores, lectores autónomos,lectores expertos)
 - Poesía e teatro
 - Banda deseñada
 - Documentación con libros informativos e de consulta
 - Audiovisual
 - Informática: Conta con ordenadores portátiles para a documentación das persoas usuarias; tamén un ordenador para o equipo de biblioteca no que se levan a cabo tarefas de catalogación e control dos empréstitos e devolucións.
 - Recuncho de xogos compartidos
 - Recuncho do teatro

Tempos para a lectura:

Todos os días xusto antes do recreo, desenvolverase o Proxecto lector tanto de EI como en EP. Este tempo diario dedicado á lectura, e támara á oratoria, tal e como se recolle na LOMLOE, será guiado pola persoa titora, por un mestre especialista ou algunha persoa do Departamento de Orientación.

Por outra parte, cada titoría ten asignada, como mínimo, unha sesión semanal na que pode acudir á biblioteca co seu alumnado.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

Xestión técnica e organización

- Para consolidar o proceso de xestión informatizada levaranse a cabo as seguintes actuacións:
 - Catalogación informatizada co sistema KOHA (continuación do traballo realizado os dous

cursos anteriores). Durante o primeiro mes, os novos compoñentes do Equipo de biblioteca familiarizaranse co seu manexo.

- Actualización do rexistro de usuarios.
- Cambio da catalogación dos exemplares que non se adaptan á CDU.

- **Para optimizar a súa utilización:**

- Toda a produción das actividades de biblioteca será exposta na entrada da biblioteca ou no exterior do centro.
- Revisión dos pictogramas para repoñer aqueles que estean danados ou perdidos.
- Formación de persoas usuarias.
- Revisión das fichas de catalogación no apartado de materia para optimizar a busca de recursos (continuación).
- Ampliación do espazo dedicado aos libros catalogados segundo a CDU no apartado 5 (ciencias) e así facilitar a súa localización.

- **Para facilitar a dispoñibilidade de fondos:**

- Elaboración dun horario de uso de biblioteca.
- Apertura polas tardes para toda a comunidade educativa.

- **Para equilibrar o fondo documental:**

- Adquisición de recursos en distintos soportes relacionados co Proxecto Documental Integrado (PDI) e tamén cos proxectos de traballo e itinerarios lectores de cada aula.
- Recuperación dos fondos deteriorados.

- **Para difundir os fondo entre os usuarios:**

- Exposición dos novos fondos a través dos expositores de novidades.

Dinamización

- **Actuacións en relación á formación de usuarios:**

Dar a coñecer o espazo físico da biblioteca, as súas características e finalidade.

- Familiarizar as persoas usuarias cos sistemas de clasificación e organización da colección

(CDU) e iniciarse na utilización das diferentes fontes de documentación.

- Realizar actividades para aprender a localizar fondos seguindo o sistema de clasificación.
- Dar a coñecer os distintos soportes de información: bibliográficos, dixitais,...
- Aprender ás persoas usuarias a utilizar as diferentes fontes documentais: dicionarios, enciclopedias, monografías...
- Difundir as pautas imprescindibles para o correcto aproveitamentoda biblioteca e para que os usuarios valoren a sala de lectura como un espazo público compartido.

- **Actuacións en relación ao fomento da lectura:**

- Actividades de animación á lectura na biblioteca realizadas polo profesorado, as familias e, se é posible, por autores e autoras literarios.
- Sesións de contacontos tanto nas instalacións da escola como en centros culturais, salas de teatro...
- Visita á Biblioteca Pública Ánxel Casal, co fin de coñecer o seu funcionamento, os seus fondos documentais e participar nas actividades de dinamización que poida ofrecer.
- Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística no desenvolvemento de actividades relacionadas co Samaín, o Magosto, o Día das Letras Galegas, O Día de Rosalía...
- Colaboración con Equipo de actividades extraescolares, Voz Natura, Club de Ciencias e Seccións bilingües.
- Recuperación da *Mochila viaxeira*.
- Apertura da biblioteca durante o tempo de recreo.

4. RUTINAS DE LECTURA

- En **Educación infantil** realizaranse actividades para traballar as propiedades dos textos literarios narrativos (contos):

PROPIEDADES DO TIPO DE TEXTO	ACTIVIDADES
Función	<ul style="list-style-type: none">• Leranse bos textos literarios de xeito habitual distinguindo entre ler o texto e visionar as ilustracións. Non faremos preguntas de comprensión ao rematar.

Autoría	<ul style="list-style-type: none"> • Sempre que se lea un conto, mencionaremos á persoa autora e á ilustradora.
Estrutura do texto	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado inventará diferentes finais para un mesmo conto. • Realizarase unha reflexión sobre como afectaría ao nóe/ou desenlace cambiar elementos ou personaxes do inicio. • Contarán oralmente o conto, recordando a estrutura do texto (principio-nó-desenlace) con siluetas das personaxes sobre unha tea, monicreques...
Relación co “real”	<ul style="list-style-type: none"> • Os nenos e as nenas inventarán os seus propios textos literarios. Aceptaranse todas as propostas do alumnado, deixando así voar asúa imaxinación e fantasía.
Relación imaxe-texto	<ul style="list-style-type: none"> • Escolleranse textos con ilustracións de calidade que aporten información para completar e enriquecer a historia que conta o texto.
Personaxes	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboraremos tarxetas cos nomes das personaxes para abrir un ficheiro de personaxes de contos. • O alumnado debuxará o personaxe principal do conto. • Dramatizaremos os contos.

Léxico	<ul style="list-style-type: none"> • Elixiranse textos cun léxico rico e variado. Respectaremos as palabras que escolleu o autor/a, non as substituiremos por outras máis sinxelas. • Localizaranse as palabras que, a pesar do contexto, non son capaces de intuír o seu significado.
Relación título-contido	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado propoñerá títulos diferentes para os contos que lemos buscando que sexan coherentes co texto. • Poñeránlle títulos aos textos que escriban.

Fórmulas fixas	<ul style="list-style-type: none"> • Recompilaremos fórmulas de comezo e remate a través das familias, dos libros da biblioteca, de internet. • O alumnado empregará as fórmulas fixas recollidas nas escrituras dos seus propios textos.
PROPIEDADES DO SISTEMA DE ESCRITURA	ACTIVIDADES
Propiedades cuantitativas e cualitativas	<ul style="list-style-type: none"> • Co ficheiro das personaxes, compararemos os que teñen máis letras e os que teñen menos. Tamén buscaremos os que empezan pola mesma letra, os que comezan pola mesma letra dos nenos/as da aula,... • Compoñeremos con letras móbiles os nomes das personaxes.
Separación entre palabras	<ul style="list-style-type: none"> • Analizaremos os títulos dos contos que lemos. Contar as palabras, observar como empeza e remata cada palabra. • Fotocopiaremos un parágrafo do conto e en parellas pintarán os ocos entre as palabras.
Direccionalidade do sistema de escritura	<ul style="list-style-type: none"> • Escribiremos no taboleiro a primeira letra do nome dunha personaxe e indagaremos co grupo onde se colocará a segunda letra(dereita ou esquerda) • Escribiremos no taboleiro un parágrafo dun conto co que traballaremos. Ao rematar a primeira liña cuestionarémonos por onde se continúa escribindo.

- **No primeiro ciclo de primaria**, traballárase principalmente a comprensión lectora e a expresión oral:
 - Ler o título da lectura e adiviñar de que tratará o texto.
 - Fixarse nos debuxos que a ilustran e a partir deste debuxo iniciar unha conversa.
 - Fixarse nos textos sobre a súa disposición gráfica e advertir se trata de poemas, adiviñas,...
 - Reforzar a atención para que todos poidamos seguir unha lectura ao mesmo tempo.
 - Lectura do texto por parte do adulto para que sirva de modelo, facendo fincapé no ritmo, na entoación axeitados.
 - Explicarase o vocabulario que descoñezan.
 - O alumnado realizará a lectura de maneira individual.
 - Aclararase o significado das palabras descoñecidas.
 - Se se trata dun poema, repartir as estrofas entre varios alumnos e alumnas para que o lean en alto coa entoación axeitada.
 - Lecturas silenciosas sobre libros escollidos dos itinerarios lectores.
 - Lectura de pequenos textos en diversos soportes.
 - Obradoiros de contos.
 - Debates sobre actuacións e contextos que se produzan nas lecturas e relacionas con posibles situacións persoais.
 - Ilustración de textos

- **No segundo ciclo realizaranse as seguintes actividades:**
 - Realizaranse visitas á biblioteca para procurar información para os proxectos.
 - Durante o tempo do Proxecto Lector, faremos lecturas conxuntas de libros do itinerario lector.
 - Realizaranse análises de libros lidos, debates, resumos...
 - Reservaremos tempo para a lectura individual.
 - Realizaremos lecturas dramatizadas de textos teatrais.
 - Expresaremos as nosas opinións sobre as lecturas e elaboraremos recomendacións para outros lectores e lectoras.
 - Elaboraremos textos narrativos, expositivos, informativos e poemas.
 - Levaremos ao teatro contos propios.

- Ilustraremos textos de diferente tipoloxía.
- Asistiremos a sesións de contacontos.
- Prepararemos lecturas para logo compartilas con compañeiros e compañeiras máis pequenos.

- **No terceiro ciclo partirase desta proposta de actividades:**

- Uso da biblioteca á hora asignada aos grupos para realizar actividades de investigación, busca de información, lectura, debates...
- Realización de lecturas conxuntas de libros do itinerario lector tanto en galego coma en castelán.
- Lecturas individuais libremente escollidas.
- Lecturas de diferentes tipos de texto, facendo fincapé nos teatrais por xirar o PDI en torno a eles.
- Elaboración de presentacións orais sobre temas investigados.
- Produción de diferentes tipoloxías de texto.
- Participación nas actividades propostas polo equipo de biblioteca.
- Lecturas dramatizadas e representacións teatrais.

5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

A biblioteca escolar é o punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilita a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais nesta escola. Por todo isto, ademais dos integrantes do equipo de biblioteca, outros piares básicos para o desenvolvemento do fomento da lectura son:

- O profesorado do centro, do que parten as actividades de fomento da lectura.
- O equipo de voluntariado, que este ano estará formado por alumnado do 3º ciclo e cuxa colaboración terá relación co coidado e mantemento dos fondos.
- As familias, ás que se lles solicitará participación no desenvolvemento do PDI deste ano, centrado no teatro.

6. ITINERARIOS LECTORES

Para establecer os itinerarios lectores, sempre procuramos títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade. Trátase dunha tarefa que require atención, mimo e tempo e que realizan as persoas titoras en colaboración co equipo de biblioteca. Por iso, é imposible aportar no momento da redacción deste documento unha relación pechada de lecturas para o noso alumnado. Si podemos establecer xa que haberá opcións nas dúas linguas oficiais de Galicia; ademais, prestarase atención á selección de textos poéticos así como teatrais, estes últimos por estar directamente relacionados co PDI deste ano.

7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

- En relación ao PDI este ano, *Entre bambolinas*, realizaranse as seguintes actividades **ao longo de todo o curso**:
 - Lecturas dramatizadas.
 - Improvisacións teatrais.
 - Escritura colectiva ou individual un texto teatral.
 - Asistencia a obras teatrais tanto na escola como fóra dela.
 - Visita a un teatro para coñecer os seus espazos, lugares, persoal, historia...
 - Participación en obradoiros desenvolvidos por persoas expertas.
 - Elaboración de cartaces para anunciar os diferentes eventos.
- **Primeiro trimestre**:
 - Investigación sobre as tipoloxías de teatro no mundo: de monicreques, de sombras, de cabezudos, musical, mímico, negro, de auga...
 - Adaptación de contos ao teatro.
 - Decoración da biblioteca en relación co proxecto do teatro.
 - Samaín: lectura de contos de medo, conxuros, cancións e poesías... Elaboración de contos de medo.
- **Segundo trimestre**:
 - Fabricación de distintos tipos de monicreques: *Muppet* ou bocón, de marioneta, *bunraku*, de guante, de dedo, de balea...

- Entroido: elaboración de coplas.
 - Obradoiro de regueifas.
 - Día de Rosalía: lectura de poemas.
 - Primeiras gravacións de obras teatrais.
- **Terceiro trimestre:**
 - Participación en representacións teatrais en diferentes linguas.
 - Realización de gravacións de obras teatrais de compañeiros e compañeiras.
 - Colaboración na preparación de vestiario, decorados, manipulación de aparatos...
 - Elaboración de podcasts de teatro radiofónico.
 - Semana do Libro: actividade do *Vendaval de contos* e apadriñamento lector.
 - Día das Letras Galegas: colaboración co EDLG.

8. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

É sabida a importancia da colaboración das familias no proceso educativo. Neste caso, o seu papel resulta fundamental para a adquisición do hábito lector por parte do alumnado. Por iso, consideramos importante os seguintes aspectos:

- Informar ás familias regularmente das actividades realizadas en relación coa lectura e cos progresos dos seus fillos e fillas.
- Realizar propostas de lecturas para a casa.
- Implicalas a través do empréstimo de libros, das mochilas viaxeiras...
- Convidalas a participar no PDI deste curso aportando ideas e desenvolvendo actividades de animación á lectura.
- Ofrecerlles a oportunidade de acudir á biblioteca da escola cos seus fillos e fillas polas tardes.
- Dedicar un espazo na biblioteca a libros que poden resultar de interese para elas desde un punto de vista pedagóxico e didáctico.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Haberá reunións periódicas do equipo de biblioteca para:

- Revisar o Plan Anual de Lectura e facer as achegas precisas para a mellora.
- Analizar as necesidades dos diferentes ciclos e suxerir títulos para os itinerarios lectores.
- Detallaranse as demandas de materiais de todo tipo para a biblioteca de centro.

Contemplanse tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: ocuparanse as persoas titoras de determinar o nivel lector do seu grupo-clase e, segundo as necesidades lectoras que sexan expostas pola súa parte, o equipo de biblioteca tratará de dar resposta aportando localizando e aportando fondos adaptados para a elaboración dos itinerarios lectores.
- Avaliación continua: todas as persoas implicadas neste proxecto, cun período trimestral, faremos unha análise global do grao de desenvolvemento do Plan de Lectura, adoptando medidas de mellora, informando delas ao Claustro.
- Avaliación final: ao remate do curso, valorarase o desenvolvemento do Plan Anual por medio de enquisas ao profesorado.